



Con data 20 de decembro 2018 o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, oída a Xunta de Portavoces, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 27 de decembro ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador de acta sesión anterior nº 14/2018 de 29 de novembro.

2º.- Expediente 3083/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta de Alcaldía, de data 29/11/2018, de aprobación de suplemento de crédito nº 2/2018 (Modificación de créditos 27/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.- Expediente 3280/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta de Alcaldía, de data 17/12/2018, de aprobación de complemento retributivo para alcanzar o 100% das retribucións fixas en procesos de incapacidade temporal.

4º.- Expediente 2915/2018. Ditame da Comisión Informativa de Honores e Distincións de proposta do Instructor do expediente, de data 16/11/2018, para concesión de medalla de honra ao Xefe da Compañía da Garda Civil de Tui.

5º.- Mocións de Urgencia.

B).- Actividade de control:

6º.- Disposicións de interese correspondentes aos meses de xuño, xullo, setembro, outubro, novembro e decembro.

7º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía:

Concello de Tui



Dende o nº 2018-813 de 19 /07/2018 a nº 2018-1043 de 20/09/2018.

Dende o nº2018-1044 de 21/09/2018 a nº 2018-1158 de 18/10/2018.

Dende o nº 2018-1159 de 19/10/2018 a nº 2018-1310 de 21/11/2018.

Dende o nº 2018-1314 de 22/11/2018 a nº 2018-1442 de 17/12/2018.

8º.- Dación de conta execución trimestral orzamento 2º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

9º.- Dación de conta informe morosidade 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pago global a provedores (PMP) 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

10º.- Dación de conta liñas fundamentais do Orzamento Xeral para o exercicio 2019.

C).- Rogos e preguntas:

11º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padin.

Documento asinado dixitalmente á marxe.